

# Xornada de achegamento a recursos en galego para formador@s infantís



**Sábado 24 de outubro**

**De 10.00 h a 14.00 h e de 16.30 h a 20.30 h**

**Fórum Carballo**

**Máximo 25 prazas. Inscricións en [nelvidal@carballo.gal](mailto:nelvidal@carballo.gal)  
ou no 981 704 304**



Xornada para formador@s infantís con actividades de sensibilización e para o coñecemento e manexo de materiais e recursos en galego para a formación e o lecer das nenas e dos nenos, o seu manexo, as súas potencialidade, etc.

# Contidos da xornada

## 1. Presentación e benvida

Darémovos a benvida a todas as persoas participantes, presentarémonos e explicaremos os motivos e obxectivos desta xornada.

## 2. Música

Presentaremos uns cantos discos e recursos na rede ben xeitosos, ademais de actividades concretas para traballar coa música nas escolas infantís.

## 3. Xogo

Faremos un repaso polo material que hai arredor do xogo e o movemento, desde os xogos tradicionais até as novas tecnoloxías.

## 4. Así está a lingua

Analizaremos conxuntamente a situación do galego. Faremos un breve debate e unha choiva de ideas.

## 5. Audiovisual

Repasaremos diverso material audiovisual en galego e traballaremos propostas de uso.

## 6. Facemos unha historia

Os contos tradicionais e algunha dinámica concreta sérvennos para poder crear as nosas propias historias para os rapaces e rapazas.

## 7. Libros de contos

Falaremos de maravillosos libros de contos, ordenados por idades e coleccións.

## 8. Contos dixitais

Presentaremos e manexaremos algunhas aplicacións para traballar os contos.

## 9. Libros didácticos

Coñeceremos ou repasaremos algúns libros didácticos destacados, ordenados por idades.

## 10. Presentación do portal de recursos ALÍ

Lugar da xornada: **Fórum Carballo. Rúa do Xílgaro s/n. Carballo**

### **Inscripción e +info:**

Servizo de Normalización Lingüística  
Pazo da Cultura 2.º andar  
Rúa do Pan s/n  
15100 Carballo  
nelvidal@carballo.gal  
981 704 304

**[www.apego.gal](http://www.apego.gal)**